

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL**CORTE Nº 2 CINTA 4****Museo
do Pobo
Galego****instituto de
estudos das
identidades****NOME DO DOCUMENTO:**

MPG_SaVi_0004_002_en_0_01_08_id626_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0004_002_en_0_01_08_id626.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a cuarta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala do changüí e o sistema de reparto de peixe e conta unha anécdota de cando trouxeron 1070 cestas de peixe a terra.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, pesca, mariñeiro, reparto, rapaz, infancia, cesta, changüí, patela, aparello, cobro, pago, armador, Leixós, embarcación a motor, traíñeira.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo do Pobo Galego



instituto de estudos das identidades

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 4

P: E normalmente os rapaces cobraban a mitad.

R: Dábanlle media parte tres cartóns.

P: Media parte e mais así un pequeno changüí polos traballos extras que fixeran ¿non?

R: O changüí era (inaudible) todo, o changüí ¿non?. O que había eran tres cotizacións, había o changüí propio, polas cantidades que se capturaban, porque había o contrato, de dez cestas a xente levaba unha de comer en pescado, e outra de changüí, e o armador levaba unha sola.

P: E quedaban para vender tres.

R: A ver se me entendes. Agora saliamos para o mar, collíamos dez cestas, vendemos as dez cestas, pero non queda ningún peixe para comer, entón quedaban nove e non podían, é preferible botar as dez cestas para levar o changüí, porque si son nove cestas, ou si son once cestas, e non levan para comer, non lle queda pa... Porque era de once cestas de pescado que había, contando once cestas, o mariñeiro levaba dúas de changüí e unha de pescado, tres, e o armador sempre levaba unha, aínda que tomara dez, que tomara vinte, que tomara cen, o armador sempre levaba unha.

P: Eles de cada vez unha.

R: Eles botando once... Vamos a ver, agora está botando o pescado para terra, e bota, bota bota, teñen once cestas botadas, e non hai pescado para comer, non chegou para a cesta que lle corresponde ós mariñeiros para comer, téñenna que roubar unha cesta ó do changüí, pero o armador quéixase, porque leva unha cesta de máis, a xente leva dúas e mais o armador leva unha, roubándolle el do montón.

P: Claro van ó montón.

R: Agora tómase 50, toma 60 o armador sempre leva unha solo, a xente leva dúas cando non leva catro, porque ás veces cando hai cantidá, pois non miras a cantidá de pescado que vai a... a veces traese unha patela chea de pescado, de comer, non unha cesta sola, xusto xusto é un changüí.

P: ¿Mais ou menos cantas cestas levaba un barco a remos, unha trainera destas, cantas cestas era o máximo que podía levar?

R: Pois os últimos barcos de remos levaban hasta cento e pico, cento dez, cento vinte.

P: ¿E os de máquinas?

R: Os de máquinas había de cando se traballaba en Leixós eran de 400 cestas. Con este...

P: ¿Ese que era o “María del Carmen”¹?

R: Si o “María del Carmen”. Truemos 310.

P: Foi o máximo que chegaron a pescar 310 cestas.

R: O máximo, muito démolo, collemos cando truemos 310 entre os barcos que estabamos alí 1070 entre os que viñamos, fixemos o reparto e despois eu deullo a outro, outro deullo a outro, outro deullo a outro... 1070 cestas cerradas no aparello

P: ¿1070 cestas nun barco solo?

R: Si pescado co aparello.

P: Si pescado co aparello.

R: Nosoutros collemos enchemos todo e démosllo ó outro, o outro deullo ó outro e sumamos todas as cantidades e mil e pico de cestas.

P: Mil e pico de cestas co aparello, que non puderon cargar claro e foron repartindo nos outros barcos. Eso debeu ser impresionante ¿non? mirar todo ese peixe.

R: Sen dar nada ¿eh?, sen dar nada de compensación ningunha.

¹ O “María del Carmen” era o barco da ardora da súa propiedade.